



## ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DE CATRO AUXILIARES DE POLICIA LOCAL

O 24 de maio de 2018 as 09:00 horas reúnese na Sala de Xuntas da casa consistorial o Tribunal. Asisten como presidente don José María Baños Campo, como vogais don Nestor Alvarez López, don Miguel Martínez Díaz e don José Luis Díaz Rodríguez e como secretaria dona Elisa Martínez Arias.

Primeiro.- O tribunal debe facer constar que no momento da corrección dos exames apreciáronse discrepancias no emparellamento dos números asignados ós distintos aspirantes, polo que se procedeu a comprobar o documento que se utilizou para a impresión das pegatinas no ordenador da auxiliar administrativa que levou a cabo esa tarefa. Tralo cal o tribunal considerou que ditas discrepancias quedaban resoltas e procedeu á publicación dos resultados provisionais do test.

Segundo.- Posteriormente ante as solicitudes dos aspirantes de copia dos seus exames para revisar coa plantilla de respostas, advertíronse máis destas discrepancias, que o tribunal considera irresolubles. En consecuencia a realización do exame test adolece dun vicio que determina a necesidade da súa anulación, pois non se poden emparellar con seguridade os exames e as follas de datos.

Terceiro.- Esta circunstancia unida á premura na selección dos aspirantes, que, de ser seleccionados, e non contar co curso esixido no apartado X das bases, deberían realizalo os días 30, 31 de maio e 1 de xuño do corrente, obriga a convocar ós aspirantes para a realización dun novo exercicio test, que terá lugar o vindeiro luns 28 de maio do 2018 as 12:00 horas novamente na aula coa que o Concello conta nas instalacións do Polideportivo da Pinguela, Estrada de Sober S/Nº.

Para que así conste expídese a presente acta, que certifica a secretaria do Tribunal e asinan con ela os demais membros do mesmo.